



CONCELLO DE A CORUÑA

PORTADA NORMALIZADA DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO

TIPO DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO		CODIGO DE VERIFICACIÓN SEGURA	
COPIA ELECTRÓNICA AUTÉNTICA DE DOCUMENTO PAPEL (Ley 39/2015 Art. 16.5 y 27)		 2Z1Q 4O2U 4F67 1Y3G 0D4D	
Esta portada no forma parte del documento original en papel			
METADATOS (TEXTO)			
Identificador	RMPE1A11S8		
Número/Año	48967/2026		
Dependencia Captura	REGISTRO MARIA PITA		
Usuario Captura/Compulsa	MIAO		
Interesado Principal	GRUPO MUNICIPAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO		
Representante			
Descripción	Solicitud general		
Páginas	2 (excluyendo esta portada)		
Fecha Documento			
Fecha Registro	08/06/2026 13:54:06		
Fecha Captura	08/06/2026 14:07		
Valor CSV	2Z1Q 4O2U 4F67 1Y3G 0D4D		
Tipo de Firma	PADES LONG TERM		
Estado de Elaboración	Copia electrónica auténtica de documento papel (Ley 39/2015 Art.16.5 y 27)		
AVISO LEGAL		FIRMA DIGITAL (HUELLA)	
<p>Este documento electrónico ha sido generado mediante captura y compulsión electrónica por la autoridad competente, resultando una copia electrónica auténtica de documento en papel conforme los artículos 16.5 y 27 de la ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, el Esquema Nacional de Interoperabilidad y las Normas Técnicas de Interoperabilidad, siendo custodiado en el sistema de información corporativo de conformidad con el Esquema Nacional de Seguridad y teniendo la misma validez y eficacia que los documentos originales. Se puede verificar este documento en la sede electrónica del Ayuntamiento de Coruña.</p>			

O **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da súa concelleira Avia Veira González, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte **moción sobre a área metropolitana**,

Exposición de motivos

A Coruña real non remata nos límites do noso termo municipal. Milleiros de persoas residentes nos concellos da nosa contorna veñen diariamente á cidade e o mesmo ocorre á inversa.

En 2025 deuse a coñecer un estudo do INE con datos de 2022 e 2023 na que se indicaban que das 126.000 persoas que traballaban naquela data na Coruña 66.000 vivían noutros concellos, sobre todo da nosa contorna, e que preto de 40.000 coruñesas e coruñeses tiñan o seu centro de traballo fóra da cidade. Tamén indicaba que case o 60% das persoas de máis de 16 anos que estudan na Coruña residen noutros concellos.

As grandes infraestruturas que dan servizo á cidade están situadas fóra dela: importantes polígonos industriais e o porto exterior en Arteixo, o aeroporto en Culleredo, o encoro en Abegondo etc.

Polo tanto, para deseñar A Coruña do futuro é necesario que contemos cunha ferramenta que articule o que xa é a realidade de milleiros de coruñesas e coruñeses, e de milleiros de persoas dos concellos da nosa contorna. Unha ferramenta que tamén contribúa a resolver moitos problemas da área e a prestar servizos de maneira conxunta: o que pode contribuír a unha xestión máis eficiente.

Así pois, poderíamos concertar as políticas de mobilidade e transporte, o servizo de recollida e tratamento do lixo, a xestión ciclo da auga, a planificación urbanística e ordenación do territorio ou a promoción turística.

Trátase de xerar unha realidade administrativa cunha enorme potencia en poboación, actividade económica e social que permitiría unha mellor xestión dos servizos públicos.

Chama a atención que o Goberno Local, a comezos do pasado mandato, acordase na parte resolutiva do Pleno a incoación do procedemento de creación da Área Metropolitana da Coruña e encomendas á Comisión Especial da Área Metropolitana a elaboración da correspondente proposta de anteproxecto de lei para o seu traslado á Xunta de Galiza e ao Parlamento de Galiza no primeiro semestre de 2020.

Este grupo municipal ten insistido reiteradamente na necesidade de creala: nunha moción o 3 de agosto de 2021, nun acordo anunciado o 19 de agosto de 2021, noutra moción o 7 de xullo de 2022, no acordo de investidura do actual mandato e nos dous acordos orzamentarios asinados en 2024 e 2026 ademais de que volvemos levar o asunto nunha pregunta oral en maio de 2025.

O Goberno Local, en cambio, non acaba de ser claro neste asunto: malia levar o acordo de incoación do procedemento e votar a favor das mocións ou ratificar presuntamente o seu compromiso nas iniciativas plenarias, non acaba de dar pasos firmes para crear a área metropolitana.

Iso si, temos visto convenios con Oleiros, Culleredo, Cambre ou Arteixo sobre distintas temáticas mais nada conxunto nin nada cun ningún resultado concreto.


Por todo isto, desde o Grupo Municipal do BNG propoñemos a adopción do seguinte

Acordo

Instar o Goberno Local a:

1. Liderar e impulsar decididamente a creación da Área Metropolitana da Coruña.
2. Convocar a Comisión Especial da Área Metropolitana co obxectivo de acordar un calendario de traballo para manter as conversas necesarias cos concellos da área metropolitana así como para redactar a proposta de anteproxecto de lei.

A Coruña, 8 de xuño de 2026



Avia Veira González

Concelleira do Grupo Municipal do BNG

Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA